

Bases do concurso:

1. Obxectivo do concurso

- ▣ Explorar e dar a coñecer a creatividade audiovisual dos mozos e mozas, a través da gravación de curtas.
- ▣ Fomentar o traballo en equipo
- ▣ Descubrir novos campos para ocupar o tempo libre

2. Características dos participantes

- 2.1. A participación no Concurso é gratuíta e dirixese a persoas cunha idade comprendida entre 14 e 30 anos (ambas as dúas inclusive).
- 2.2. Neste concurso poderase participar tanto individualmente como por grupos dun máximo de 5 persoas. Este punto ten como finalidade fomentar o traballo en equipo.
- 2.3. Non poderán participar menores de 14 anos.
- 2.4 As persoas participantes terán que estar empadroadas do Concello de Barro.

3. Inscricións

- Os interesados en participar, realizarán a súa inscrición gratuíta a través dun formulario entregado na OMIX do Concello de Barro a través do e-mail: omix@barro.es ou presencialmente na oficina.
- Xunto á cumprimentación do formulario o/a representante do equipo deberá achegar o link ao vídeo que debe ser previamente subido a unha canle de YouTube
- Entrega das autorizacións dos menores para a participación neste concurso.
- Licenza Creative Commons Recoñecemento (CC-BY)
- Permiso de uso dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan.

O prazo de inscrición está aberto ata o 30 de outubro de 2014 (que coincidirá co prazo de entrega da curta).

4. Características xerais das curtas

- 4.1. A curta non poderá superar os 3 minutos de duración.
- 4.2. Temática dos vídeos: de medo ou temática fantástica.
- 4.3. A súa realización será exclusivamente mediante a cámara do teléfono móbil podendo logo, editarse con ferramentas externas.
- 4.4. As curtas deben ser orixinais, incluídos os títulos de crédito se os houbese, e gravados na máxima resolución e calidade posibles
- 4.5. Cada participante individual ou grupo soamente poderá presentar unha única curta, non admitíndose curtas derivadas doutra curtas presentada. Ademais será obrigatorio que estas sexan producidas no 2014.

4.6. O xurado / organización resérvase o dereito de non admitir aquelas obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero, á homofobia ou que consideren inadecuadas/incompatibles cos obxectivos do concurso.

4.7. As curtas non deberán facer publicidade nin promover o uso de ningún produto ou servizo de natureza comercial.

4.8. A curta presentada deberá ser orixinal, non comercializada, premiada con anterioridade.

4.9. A curta presentada ao concurso deberá poñer a disposición do Concello de Barro a licenza Creative Commons Recoñecemento (CC-BY). **Reconocimiento (by):** *Se permite cualquier explotación de la obra, incluyendo una finalidad comercial, así como la creación de obras derivadas, la distribución de las cuales también está permitida sin ninguna restricción.*

4.10. Os concursantes responsabilízanse de ser os posuidores do copyright, marcas comerciais, e calquera outros dereitos de propiedade intelectual (DPI) dos elementos empregados na composición da curta: gráficos, textos, imaxes, pezas musicais, etc ou no seu defecto garantir que teñen cedidos ditos dereitos para entregar a obra coa licenza recollida nas presentes bases.

4.11. Os concursantes responsabilízanse de posuír o permiso de uso dos dereitos de imaxe das persoas que aparezan nelas, eximindo á organización de calquera tipo de responsabilidade. No caso de que aparezan imaxes de menores identificables deberán contar, obrigatoriamente, coa correspondente autorización asinada polos pais, titores ou representantes legais dos menores de aceptación destas bases.

Os autores dos traballos presentados CEDEN TODOS OS DEREITOS PARA A EXHIBICIÓN das curtametraxes durante a noite do 31 de outubro. Queda aberta a posibilidade da súa exhibición noutros festivais cos que o Concello de Barro poida colaborar, sempre logo de aviso e con autorización do autor.

4.12. Calquera apropiación indebida de dereitos de autor na curta é responsabilidade da persoa que a inscribiu. Aos concursantes requiríraselles a indemnización á autoridade convocante sobre calquera reclamación que terceiras partes poidan realizar polo uso, reutilización, redistribución ou licenciamiento de calquera dos elementos empregados na elaboración da obra.

4.13. No caso de que se presentase a mesma curta, pero se rexistrase por distintas persoas, para os efectos deste concurso considerarase a obra presentada polas primeiras persoas que realizaron a súa inscrición, segundo o indique o rexistro de entrada do formulario.

5. Prazo de entrega das curtas para concurso.

O prazo de presentación de solicitudes e os seus correspondentes vídeos será **ata o 30 de outubro de 2014.**

6. Selección das persoas gañadoras

Os vídeos recibidos serán valorados por un xurado que decidirá os dous gañadores a partir do día 31 de outubro. Tódolos vídeos recibidos que cumpran os requisitos de participación proxectaranse a noite do venres día 31, onde se decidirá o premio do público.

En caso de que algún dos premiados sexa para un grupo, este decidirá a forma de reparto do premio, informando á organización por escrito (no formulario de inscrición).

7. Premios

Premio do Xurado:

2 vídeos con máis votos do xurado serán os premiados:

▣ Primeiro vídeo: 1 teléfono LG L90: 4,7 pulgadas, 8MPX cedido pola compañía R, operador galego de telecomunicacións.

▣ Segundo vídeo: 1 Vale de compra de 60 € entregado polo Supermercado Froiz

Premio do público:

Trofeo cedido pola **Deputación Provincial de Pontevedra**, que se votará na proxección do venres 31 de outubro de 2014.

8. Entrega de premios

A entrega de premios terá lugar na data e espazo que determine a organización do concurso, dita información será comunicada aos gañadores do concurso con antelación suficiente

9. Acatamento e interpretación das bases

A organización resérvase o dereito de anular este concurso se non se supera un mínimo de 5 participantes.

Ante posibles dúbidas na súa interpretación, prevalecerá o criterio da organización. A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases.

Así mesmo coa participación ao concurso o representante de cada grupo participante declara expresamente que posúe todos os permisos e/ou autorizacións que sobre os dereitos de propiedade intelectual do vídeo enviado e que obtivo o consentimento expreso de todas as persoas que aparezan no vídeo para o uso da súa imaxe, así como para a súa publicación no "Sitio Web", declarando que a súa reprodución non lesiona nin prexudica a terceiros, asumindo persoalmente calquera responsabilidade que desta puidese derivarse, exonerando expresamente á Concello de Barro de calquera responsabilidade ao respecto. En especial, para o caso de menores de idade (mozos con idades comprendidas entre os 14 e os 17 anos), o representante do grupo garante que obtivo o seu consentimento expreso para os usos da súa imaxe nos vídeos no marco desta acción, así como para a súa publicación no "Sitio Web", declarando que a súa reprodución non lesiona nin prexudica a terceiros, asumindo persoalmente calquera responsabilidade que desta puidese derivarse, exonerando expresamente á Concello

I CONCURSO DE CURTAS CO MÓBIL “DE MEDO”

2014
CONCELLO
DE BARRO

de Barro de calquera responsabilidade ao respecto. Para a obtención da devandita autorización o representante deberá empregar o modelo de autorización dispoñible na OMIX de Barro.

Barro 13-10-2014

Asdo.:

O alcalde: José Antonio Landín Eirín